# Pois mia ventura tal é ja
## Dom Dinis

Cancioneiro da Biblioteca Nacional 508, Cancioneiro da Vaticana 91

Pois mia ventura tal é ja
que sodes tan poderosa
de min, mia senhor fremosa,
por mesura[1] que en vós ha,
e por ben que vos estará
    pois de vós non hei nen un ben,
    de vós amar non vos pes én,
        senhor.

E pois por ben non teedes
que eu haja de vós grado
por quant'afán[2] hei levado
por vós; ca assí queredes,
mia senhor, fe que devedes,
    pois de vós non hei nen un ben,
    de vós amar non vos pes én,
        senhor.

E lume destes olhos meus,
pois m'assí desemparades
e que me grado non dades
como dan outras aos seus,
mia senhor, polo amor de Deus,
    pois de vós non hei nen un ben,
    de vós amar non vos pes én,
        senhor.

E eu non perderei o sén,
e vós non perdedes i ren,
        senhor.